



CONCELLO DE TEO  
Deportes



Federación Galega  
de Atletismo

## **CARREIRA PEDESTRE BATALLA DE CACHEIRAS 2024 CONCELLO DE TEO**

A Concellaría de Deportes do Concello de Teo organizará o **sábado 20 de abril de 2024** en horario de tarde a Carreira Pedestre **Batalla de Cacheiras 2024 - Concello de Teo**.

A carreira pedestre Batalla de Cacheiras recuperará, como na pasada edición, a tradición de conmemorar **os acontecementos sucedidos o 23 de abril de 1846**, xa que a súa **proba absoluta** discorrerá **polos camiños por onde as tropas do xeneral De la Concha avanzaron para enfrontarse ó exercito sublevado liderado polo xeneral Solís. Camiños cheos de historia, de cultura, de paisaxe e arquitectura popular que atravesan as parroquias de Bamonde, Oza e Cacheiras no Concello de Teo. Unha ruta lineal que comeza ó pé da reitoral de Bamonde e rematará en Cacheiras**.

As probas estarán baixo control técnico da **Federación Galega de Atletismo** e seguirán o seguinte:

### **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados, aínda que haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira realizarao o Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo ([https://www.rfea.es/normas/pdf/Reglamento2023/05\\_ReglamentoCompeticion.pdf](https://www.rfea.es/normas/pdf/Reglamento2023/05_ReglamentoCompeticion.pdf)). Todas as categorías están abertas a persoas con diversidade funcional. Se ben, deben adaptarse ás condicións existentes para cada circuito. As persoas con discapacidade poderán realizar a proba acompañadas sempre que o precisen.

### **CATEGORÍAS DOS/AS PARTICIPANTES**

- × **PARTICIPANTES CON ACOMPAÑAMENTO (proba non competitiva)**
- × **SUB 6 (proba non competitiva):** atletas nadas/os nos anos 2019 e posteriores
- × **SUB 8 (prebenxamín):** atletas nadas/os no ano 2017 e 2018
- × **SUB 10 (benxamín) :** atletas nadas/os nos anos 2015 e 2016
- × **SUB 12 (alevín):** atletas nadas/os nos anos 2013 e 2014
- × **SUB 14 (infantil):** atletas nadas/os nos anos 2011 e 2012
- × **SUB 16 (cadete):** atletas nadas/os nos anos 2009 e 2010
- × **SUB 18 (xjuvenil):** atletas nadas/os entre 2007 e 2008
- × **SUB 20 (jun.) - SUB 23 (prom.):** atletas nadas/os entre 2002 e 2006
- × **SÉNIOR:** atletas nadas/os en 2001 e ata máster 1
- × **MÁSTER 1 H/M:** atletas de 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
- × **MÁSTER 2 H/M:** atletas de 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba

- × **MÁSTER 3 H/M:**
- × **MÁSTER 4 H/M:**

atletas de 50 a 55 anos cumpridos ata o día da proba  
atletas de 56 ou máis cumpridos ata o día da proba

### **HORARIOS E DISTANCIAS**

As probas escolares celebraranse en horario de tarde o día sábado 20 de abril de 2024 no aparcadoiro do cemiterio de Cacheiras. Ningún/ha corredor/a poderá participar con axuda externa (pais, nais...), salvo a categoría SUB 6 (proba non competitiva) e excepcións pactadas coa organización.

Os horarios e distancias das probas serán os seguintes:

CARREIRA	HORA	CATEGORÍAS	DISTANCIA
<b>ESCOLARES</b> (Sábado 20 de abril)	<b>16:00</b>	SUB 16 (cad.) –SUB 18 (xuv.)	2.800 m aprox. (2 voltas ao circuíto verde)
	<b>16:25</b>	SUB 14 (inf.)	1.400 m aprox. (1 volta ao circuíto verde)
	<b>16:45</b>	SUB 12 (alev)	1.100 m aprox. (1 volta ao circuíto amarelo)
	<b>17:00</b>	SUB 10 (benx)	1.100 m aprox. (1 volta ao circuíto amarelo)
	<b>17:15</b>	SUB 8 (prebenxamín. Separaranse en función do número de inscritos e dúas carreira según dorsal)	300 m aprox. (2 voltas ao circuíto vermello)
	<b>17:35</b>	SUB 6 (PROBA NON COMPETITIVA)	150 m aprox. (1 volta ao circuíto vermello)
<b>ABSOLUTA</b> (Sábado 20 de abril)	<b>17:45</b>	SUB 20 - SUB 23, SÉNIOR E MÁSTER	10 Km aprox.
	<b>19:15</b>	<b>ENTREGA DE TROFEOS</b>	

### **INSCRICIÓN**

*\* Todas as persoas participantes (ESCOLARES E ABSOLUTOS) nas carreiras deberán correr cun dorsal-chip. \*Excepto a categoría SUB 6 (non competitiva) e participantes que necesitan acompañante, de todas maneiras para participar nesta categoría (Sub 6) hai que anotarse igualmente cubrindo o formulario en liña.*

- **CARREIRAS ESCOLARES** (de sub 6 ata sub 18) ata o mércores 17 de abril de 2024 ás 23:59 horas no formulario de inscrición en liña presente na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) (única forma de inscrición).
- **CARREIRA ABSOLUTA:** ((Júnior) sub 20, (promesa) sub 23, sénior e máster) ata o mércores 17 de abril de 2024 ás 23:59 horas na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) (única forma de inscrición).

**NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN FÓRA DOS PRAZOS ESTABLECIDOS NIN O DÍA DA PROBA**

### **PREZOS DE INSCRICIÓN:**

<b>CARREIRAS ESCOLARES (nadas/os a partir do 2006):</b>	<b>GRATUÍTA</b>
• <b>CARREIRA ABSOLUTA (sub 20 – sub 23 , sénior e máster):</b>	<b>6,00 €</b>

A inscrición non se completará ata que se realice o pago no momento de rexistrarse na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es).

Para calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono: 881 978 433 (Departamento de Deportes) ou no enderezo electrónico [deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal).

**RECOMÉNDASE A TODAS AS PERSOAS INSCRITAS QUE COMPROBEN A LISTAXE DE PARTICIPANTES EN [www.emesports.es](http://www.emesports.es) ANTES DE QUE REMATE O PRAZO DE INSCRICIÓN.**

**Todos/as aqueles/as participantes que non saian nas listaxes da páxina web non poderán participar o día da carreira.**

### **CAMISETA CONMEMORATIVA**

Todas/os as/os participantes recibirán unha camiseta conmemorativa do evento.

## **2. RECOLLIDA DE DORSAIS E CAMISETA CONMEMORATIVA**

Probas escolares (sábado 20 de abril): a partir das 12.00 horas no lugar de META e ata 45' antes da súa proba.

- Proba absoluta (sábado 20 de abril): a partir das 12.00 horas no lugar da META e ata 45' antes do inicio da proba respectando o horario de autobuses establecido pola organización.

Todo/a atleta que entre na liña de meta sen o seu dorsal ou sen que estea debidamente colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión, será automaticamente descualificado.

## **3. SERVIZO DE AUTOBUSES E DE ROUPEIRO NA PROBA ABSOLUTA E NA ANDAINA:**

Unha vez recollido o dorsal os/as atletas adultos/as e participantes na andaina que o necesiten serán trasladados en autobús ata o punto de saída.

Horario de saída dos autobuses:

- **Carreira absoluta:** a partir das 16:30 h, o último sairá ás 17.00 h.
- **Andaina:** primeiro autobús das 16:30 horas.

Haberá servizo de roupeiro na liñas de saída e meta.

## **4. TROFEOS PARA OS/AS CORREDORES/AS:**

Haberá trofeo para:

- > Os/as 3 primeiros/as clasificados/as en todas as categorías establecidas (homes e mulleres). Excepto a categoría SUB 6 e os participantes con acompañante.
- > As 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da proba absoluta.

- › O/A **participante máis novo/a** e o/a **máis veterano/a** que logre concluír a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.
- › O **primeiro equipo federado** masculino e feminino clasificado na clasificación final\*.
- › O centro escolar do Concello de Teo que achegue máis participantes que logren concluír a proba (deberá indicarse o centro educativo na inscrición).
- › O/A primeiro/a clasificado/a empadroad/a en Teo en cada categoría, homes e mulleres, (deberá indicarse se está empadroad/a ou non no concello de Teo na inscrición), o/a participante que non o especificara correctamente na inscrición non poderá reclamar o trofeo.
- › Vale mensual para acceso á Piscina Municipal da Ramallosa ao primeiro e primeira clasificado/a empadroad/a en Teo na proba absoluta.
- › 3 invitacións de acceso á Piscina Municipal o/a primeiro/a clasificado/a empadroad/a en Teo en cada categoría.

**Os trofeos non serán acumulativos, excepto os trofeos ás e ós atletas locais.**

*\*Para o trofeo ao equipo federado masculino e feminino da proba absoluta, a clasificación será establecida a través dos 6 primeiros/as corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente (imprescindible facer a inscrición como club). Haberá equipos masculinos e femininos nesta clasificación.*

Para optar ó premio a clubs federados da proba absoluta deberán anotarse os/as atletas individualmente na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) e remitir un correo á dirección [santiago@atletismo.gal](mailto:santiago@atletismo.gal) indicando os datos do club e a listaxe dos/as atletas inscritos.

Para o premio ó centro escolar do Concello de Teo que achegue máis participantes ás probas, deberán realizar a inscrición do mesmo xeito, inscribindo os atletas individualmente na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) e remitindo un correo electrónico á dirección indicada ([santiago@atletismo.gal](mailto:santiago@atletismo.gal))

## **5. RECLAMACIÓNS**

As reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación destes. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **FGA** e **RFEA**, por esta orde, en vigor para probas en ruta.

## **6. SERVIZO DE DUCHAS**

Haberá servizo de duchas a disposición dos/as atletas participantes no campo municipal da Cañoteira.

## **7. DEREITOS DE IMAXE**

O/a participante nas carreiras autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o/a participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos/as os/as participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, dvd, internet, carteis, medios de comunicación, etc.).

Todos os dereitos de imaxe pertencerán á organización (Concello de Teo).

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

**Mais información nas webs:**

[www.teo.gal](http://www.teo.gal)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[www.emesports.es](http://www.emesports.es)

[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)

—

## PLANO DA PROBA ABSOLUTA



## **PLANO DAS PROBAS ESCOLARES** (Esplanada do cemiterio de Cacheiras)

**\*O percorrido dos circuitos poderase modificar en función das inclemencias metereolóxicas**



<b>CARREIRA</b>	<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍAS</b>	<b>DISTANCIA</b>
<b>ESCOLARES</b> (Sábado 20)	<b>16:00</b>	SUB 16 (cad.) –SUB 18 (xuv.)	2.800 m aprox. (2 voltas ao circuito verde)
	<b>16:25</b>	SUB 14 (inf.)	1.400 m aprox. (1 volta ao circuito verde)
	<b>16:45</b>	SUB 12 (alev)	1.100 m aprox. (1 volta ao circuito amarelo)
	<b>17:00</b>	SUB 10 (benx)	1.100 m aprox. ( 1 volta ao circuito amarelo)
	<b>17:15</b>	SUB 8 (prebenxamín. Separaranse en función do número de inscritos e dúas carreira según dorsal)	300 m aprox. (2 voltas ao circuito vermello)
	<b>17:35</b>	SUB 6 (PROBA NON COMPETITIVA)	150 m aprox. (1 volta ao circuito vermello)